

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS FO GASTO PREVISTO DAS FACTURAS DE SETEMBRO, OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2023 CORRESPONDENTES AO CONTRATO DE COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO COA EMPRESA GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 34-2023, por un importe total de 173.000,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2023, para dar cobertura as obrigas de carácter económico derivadas do gasto previsto das facturas de setembro, outubro e novembro de 2023 correspondentes ao contrato de colaboración administrativa e recadación das multas de tráfico coa empresa Gestión Tributaria Territorial, S.A.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2023/1629 de data 21.10.2023, así como os RCMOD núms.: 2023/65003 e 2023/65004 de data 29.09.2023, por importe de 30.000,00 € e 143.000,00 € respectivamente.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 173.000,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
93200.22799	30.000,00 €	93400.22708	173.000,00 €
93201.22708	143.000,00 €		
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	173.000,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	173.000,00 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.